

REQUISITOS PARA A CUALIFICACIÓN DAS SOCIEDADES LABORAIS

Para que unha sociedade poida ser cualificada como laboral:

1

A maioría do capital social debe ser propiedade de persoal traballador indefinido.

2

Ningunha persoa socia pode posuír máis da terceira parte do capital social.

3

O número de horas/ano realizadas polo persoal indefinido non socio debe ser igual ou inferior ao 49 % das horas/ano feitas polas persoas socias traballadoras.

*Para este cálculo non computa o traballo realizado por quen teña unha discapacidade igual ou superior ao 33 %.

Con excepcións:

Sociedades formadas por 2 persoas socias traballadoras indefinidas:
o capital social e o dereito a voto estarán repartidos ao 50 %.

No prazo máximo de 36 meses deberán incorporar unha 3ª persoa socia e axustarse ao 33,33 %.

Persoas socias que sexan entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou de economía social:
a participación poderá superar o 33,33 % pero sen acadar o 50 %.

Se despois de estar cualificada como laboral a sociedade incumpre algún destes límites, ten as obrigas de:

- Comunicarlle o incumprimento así como a circunstancia que o orixina ao Rexistro de Sociedades Laborais no prazo de 1 mes.
- Acomodarse á lei no prazo de:
 - 18 meses a contar desde o primeiro incumprimento, nos supostos 1 e 2.
 - 12 meses no suposto 3 e 36 meses no caso de subrogación de traballadores.A Secretaría Xeral de Emprego poderá conceder ata dúas prórrogas de 12 meses.
- Comunicarlle a adaptación á lei ao Rexistro de Sociedades Laborais no prazo de 1 mes.

O incumprimento destas obrigas dará lugar á descualificación como sociedade laboral e a súa baixa no Rexistro de Sociedades Laborais.

